



Guía Docente

Datos Identificativos				
Asignatura (*)	Socioloxía do Turismo	Código	2023/24 662G01001d	
Titulación	Grao en Turismo (a distancia)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Pérez García, Antonia	Correo electrónico	antonia.perezg@udc.es	
Profesorado	Pérez García, Antonia	Correo electrónico	antonia.perezg@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo da materia é estudar as teorías que explican os comportamentos dos actores turísticos, coñecer modelos de planificación para o desenvolvemento turístico sostible, describir procedementos de elaboración de produtos turísticos, así como adquirir coñecementos mínimos para saber avaliar socialmente a repercusión do turismo.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os principios do turismo: a súa dimensión espacial, social, cultural, política, laboral e económica.
A3	Comprender o carácter dinámico e evolutivo do turismo e da nova sociedade do lecer.
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A7	Recoñecer os principais axentes turísticos.
A19	Xestionar o territorio turístico de acordo cos principios de sustentabilidade.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



- Coñecer as teorías que expliquen os comportamentos dos turistas e dos actores (empresarios, administración, etc.) do sistema turístico.	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
- Saber formular modelos prácticos de planificación para o desenvolvemento turístico sostible.	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
- Comprender como se constrúe un produto turístico, a imaxe que se proxecta e como se percibe.	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
- Saber avaliar/analizar socialmente a repercusión do turismo para os turistas e para sociedades receptoras	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. As distintas concepcións sociolóxicas da realidade aplicadas ao turismo.	1.1 Opción multiparadigmática e integrada. 1.2 Paradigmas consenso-conflicto. 1.3 Outras teorías aplicadas ao turismo.
2. Métodos e técnicas de investigación aplicados ao turismo	2.1 Metodoloxía pluralista. 2.2 Métodos cuantitativos e cualitativos. 2.3 Técnicas de recollida e tratamento de datos dos devanditos métodos. 2.4 Fases do método cuantitativo-dedutivo aplicado ao turismo.
3. Cambio social e turismo: a evolución do turismo en relación cos grandes cambios sociais	3.1 Turismo de nobleza y de burguesía 3.2 Turismo de masas 3.3 Turismo del siglo XXI
4. Tendencias do turismo no futuro	4.1 Tendencias segundo a OMT. 4.2 Riscos mundiais ou locais e posibles variacións das previsións turísticas. 4.3 Sociedades da información.



5. As funcións do turismo para os turístas. As motivacións dos turístas.	5.1 Funciones do turismo: perspectiva da liberación e realización humanas, perspectiva crítica. 5.2 As motivacións dos turístas.
6. A construción social dos produtos turísticos	6.1. Fases na construción social dos recursos-productos turísticos e das necesidades dos turístas. 6.2. Obxetivación dos recursos turísticos. Perspectiva da autenticidade. 6.3. O ciclo de vida dos recursos-productos-destinos turísticos
7. Repercusións do turismo no desenvolvemento integral das sociedades	7.1. O paradigma do desenvolvemento integral do espazo social. 7.2. Distintos capitais que contribuen ao desenvolvemento integral. 7.3. Metodoloxía de análise.
8. Os plans estratéxicos de desenvolvemento turístico: contidos, estrutura e metodoloxía	8.1. Modelos de planificación turística. 8.2. Contidos e estrutura do plan. 8.3. Metodoloxía. 8.4. Exemplos de plans turísticos.
9. Imaxe proxectada e percibida dos produtos turísticos	9.1 A creación da imaxe proxectada. 9.2 A imaxe percibida, satisfacción e comportamento do consumidor.
10. O comportamento do consumidor turístico	10.1 Estudos macrosociolóxicos da demanda turística. 10.2 Estudos microsociolóxicos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	30	30
Proba mixta	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	6	8
Sesión maxistral	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	24	48	72
Aprendizaxe colaborativa	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	16	16
Estudo de casos	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	20	20
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao longo do curso o/a alumno/a deberá realizar unha serie de exercicios concretos en cada un dos temas, a través dos cales se irá avaliando os diferentes paradigmas e teorías do estudo sociolóxico.



Proba mixta	Exame mixto de dúas partes: test e preguntas de desenvolvemento.
Sesión maxistral	Nas sesións expositivas online impartiranse as teorías e fundamentos claves para a adquisición de coñecementos nesta materia. Facilitaránse os contidos dos temas en formato PDF a través da aplicación de Moodle e tamén quedarán gravadas ditas sesións.
Aprendizaxe colaborativa	Algunhas das tarefas teranse que realizar a través de foros ou wikis colaborativas en grupos nos que o alumnado traballará de forma conxunta na tarefa asignada para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros.
Estudo de casos	Visionado de películas ou audiovisuais e lecturas que tratan o turismo dende unha perspectiva sociolóxica. Despois da súa análise haberá que contestar a unhas cuestións concretas sobre esta. As dúbidas que xurdan nesta parte resolveranse nas titorías online e no foro.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Estudo de casos Traballos tutelados	O estudo de casos supón a atención personalizada de titorías individuais ou en pequenos grupos online. Os traballos tutelados tamén supoñerán un seguimento e control do/a alumno/a en formato online. As titorías iranse expoñendo a medida que se explique o contido teórico do curso e a súa aplicación práctica. A aprendizaxe colaborativa, a través de foros o wikis en formato online, terán un seguimento e resposta das intervencións por parte do/da profesor/a.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Realización de tarefas obrigatorias (foros ou wikis) colaborativas nalgúns temas, cuxa participación activa e aproveitamento será avaliada polo/a profesor/a. Estas tarefas forman parte da avaliación continua. Aspectos avaliáveis: participación activa, capacidade de síntesis, procura de información, capacidade de colaboración activa, capacidade de comunicación bidireccional e reflexión crítica.	10
Estudo de casos	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Estes traballos forman parte da avaliación continua. Aspectos avaliáveis: capacidade de síntesis, procura de información documental e reflexión persoal sobre o tema.	10
Proba mixta	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Constará dun exame escrito obrigatorio composto dunha parte conceptual e outra de desenvolvemento ou aplicativas da materia, sendo imprescindible superar cada unha das partes. O/A alumno/a deberá obter no exame unha cualificación mínima de 5 (sobre 10), non podendo, en ningún caso, ter unha cualificación inferior a 4 nalgunha das partes. No caso de obter unha cualificación por baixo de 4 nalgunha das partes, esta será a cualificación final da proba mixta.	60
Traballos tutelados	A1 A3 A5 A7 A19 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Estes traballos forman parte da avaliación continua. Aspectos avaliáveis: capacidade de síntesis, procura de información documental e reflexión persoal sobre o tema.	20

Observacións avaliación



1ª Oportunidade: a parte de

actividades online (avaliación continua) ten un

valor dun 40%, a parte de exame teórico ten un valor dun 60%.

Traballos tutelados, estudo de casos, lecturas e aprendizaxe colaborativa son traballos obrigatorios para a avaliación continua (40%) e o/a alumno/a ten que obter un mínimo de 5 (sobre 10), entre as tres metodoloxías, para facer media có exame (60%), no cal tamén deberá obter un mínimo de 5 (sobre 10). Gárdase a nota da parte práctica ou do exame para a 2ª oportunidade, no caso de ter aprobada algunha das partes.

2ª Oportunidade: no caso de ser NP ou suspenso na 1ª oportunidade, o/a alumno/a deberá entregar todos os traballos obrigatorios requiridos para tentar superar a materia na 2ª oportunidade. No caso do/s traballo/s de grupo, deberá facelo de forma individual.

A nota da parte práctica da avaliación continua (no caso de estar aprobada) gardarase para as seguintes convocatorias de sucesivos cursos ou oportunidade adiantada, pero no caso de que os contidos ou criterios da parte práctica da avaliación continua sexan modificados na guía docente, non quedará gardada a nota, polo que o/a alumno/a deberá revisar a guía docente do curso no que se presenta ou o consultar co o/a profesor/a antes de presentarse ao exame.

No caso de que non se supere unha das partes da materia, xa sexa na 1ª ou 2ª oportunidade, a calificación final da mesma será dun máximo de 4.

O/A alumno/a obterá a calificación de NP se non se presenta ao exame, aínda que haxa realizado os traballos da avaliación continua durante o curso (independentemente da oportunidade).

Convocatoria adiantada: séguense os mesmos criterios que para a avaliación de 1ª ou 2ª oportunidade, polo que o/a alumno/a deberá poñerse en contacto co/a profesor/a con suficiente antelación para establecer os traballos a realizar de forma individual e as datas de entrega.

Dispensa académica: o alumnado con recoñecemento de dispensa académica de exención de asistencia, solicitada oficialmente, deberá facer os traballos obrigatorios, e facelos chegar ao/á profesor/a para a súa avaliación nas datas que se establezcan, polo que é importante que se poña en contacto co/coa profesor/a con suficiente antelación.

Disponibilidade dos idiomas en relación as probas escritas da avaliación: o exame estará no idioma de impartición da materia, se se desexa no outro idioma oficial da UDC, solicitaráse unha semana antes da data de realización.

Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Atención á diversidade: a materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, cos servizos dispoñíbeis na UDC, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Alvarez Sousa, Antonio (2023). Turismo y Desarrollo Social. Editorial Síntesis
- Álvarez Sousa, Antonio; Mantecón, Alejandro; Puertas- Cañaveral, Inmaculada (2019). Sociología del Turismo. Centro de Investigaciones Sociológicas
- Alvarez Sousa, Antonio (2009). Sociología del Turismo. Madrid, Centro de Estudios Financieros
- Gascon, Jordi y Cañada, Ernest (2005). Viajar a todo tren. Turismo, Desarrollo y Sostenibilidad. Editorial Icaria
- Huertas Roig, Assumpció (2014). Comunicación de los territorios, los destinos y sus marcas. Editorial UOC
- Mazón Martínez, Manuel Tomás (2001). Sociología del Turismo. Editorial Universitaria Ramón Areces
- Muntaner Montejano, Jordi (2014). Psicosociología del Turismo. Editorial Síntesis



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Abad Galzacorta, M. y Fernández-Villarán, A. (2022). Diseñando experiencias sostenibles en turismo. Editorial Tirand Humanidades- Bourdieu, P (1989). La distinción. Madrid, Taurus- Dumazedier, Kaes René y otros (1971). Ocio y sociedad de clases. Barcelona, Fontanella- Goffman, Erving (1971). La presentación de la persona en la vida cotidiana. Buenos Aires, Amorrortu- Knebel, H. J. (1960). Sociología del Turismo. Cambios estructurales en el turismo. Editorial Hispano Europea- Kuhn, T (1975). La estructura de las revoluciones científicas. México, Fondo de Cultura Económica- Maslow, A.H. (1963). Motivación y personalidad. Barcelona, Sagitario- Molina, S. (2006). El posturismo, Turismo y posmodernidad. Editorial Trillas- Rial Boubeta, A (2008). Una aplicación turística para el estudio de la imagen de marca de un destino turístico. Pasos, Vol 6- Ritzer, G. (1993). Teoría sociológica contemporánea. México Mc Graw-Hill- Veblen, T. (1971). Teoría de la clase ociosa. México, Fondo de Cultura Económica- Vicente de Paula Censi Borges y Jakson Renner Rodrigues Soares (Coord.) (2021). Turismo y Desarrollo: contextos diversos. Thomson Reuters Aranzazi <p>
</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas/662G01005

Introdución ao Turismo/662G01009

Materias que continúan o temario

Márketing Turístico/662G01016

Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo/662G01024

Observacións

Perspectiva de Xénero: segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificarlos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías